


EUGÈNE LABICHE

**O CASO DA
RÚA DE LOURCINE**



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)
Citar como: Labiche: *O caso da rúa de Lourcine*. Tradución ao
galego de Henrique Harguindey.
<http://palabrasdesconxeladas.gal>



PERSONAXES

LENGLUMÉ, rentista

MISTINGUE,

POTARD, primo de Lenglumé

JUSTIN, criado de Lenglumé

NORINE, muller de Lenglumé

A escena acontece en París, na casa de Lenglumé.

O teatro representa o dormitorio de Lenglumé. No fondo, leito pechado por cortinas; lavabo cos seus utensilios. Cheminea, á esquerda en segundo plano; porta no fondo, á dereita do leito; porta á esquerda do leito. Portas no primeiro e segundo plano da dereita; cadeiras, sillóns, etc.

ESCENA I

JUSTIN e, despois, NORINE.

(Ao se erguer o pano, o leito está pechado polas cortinas)

JUSTIN *(entrando como se pisase ovos)*: O señor aínda dorme... non hai que despertalo.
(Mirando para o reloxo da parede) As nove!... Está feito un preguiceiro, o señor!...
(Espirra) Cago no catarro!... Téñoche unha boa cargación!

NORINE *(entrando nos bicos dos pés. Leva nas mans un bote de tabaco e dúas botellas)*: Entón! Despertou?

JUSTIN: Aínda non... Está feito un preguiceiro, o señor!

NORINE: O que!...Faga o favor de falar con máis respecto!

JUSTIN: Oh, perdón!... Aviso de que veu a señora?

NORINE: Nada diso!... Hoxe está de días o meu queridiño... e quérolle dar unha sorpresa... un bote de tabaco do melloriño de Virxinia. *(Póusao derriba da cheminea)*

JUSTIN *(á parte)*: Arré!... De Virxinia!... Ben botaba eu unha pipa, ho!

NORINE: E mais estas dúas botellas de xenebra... o seu licor favorito.

JUSTIN *(á parte)*: Tamén botaba eu outra pipa, ho! *(En alto, esquencendo)* Está ben... Pouse aí!

NORINE: Como que pouse aí?

JUSTIN: Oh, perdón!

NORINE: Ao contrario, lévoos para o salongiño... Deste xeito voulle dar unha sorpresa ... por partida dobre, ao meu anxiño.

JUSTIN *(á parte)*: Que romántica é esta muller!... E mais estache gordecha!

NORINE *(preparada para marchar)*: Ah, Justin! Onte encolaron de papel o gabinete do señor... poña un braseiro nel para que seque.

JUSTIN: Si, señora...

NORINE: E busque tamén o paraugas que me prestou o meu primo Potard... un paraugas verde... cunha cabeza de macaco... a súa criada está esperando por el.

JUSTIN: Teño que cepillar os traxes, señora.

NORINE: Despois.

JUSTIN: Pero...

NORINE: Sempre contesta!... Ordénolle que busque o paraugas!... Está claro? *(Entra á esquerda coas dúas botellas)*

JUSTIN *(el só, dirixíndose á porta)*: Raio, raio e raio!... Toléame co seu paraugas! Vamos, logo, coa roupa do señor, para cepillala! *(Collendo varias pezas de roupa de riba dunha cadeira)* Velai a casaca, o chaleque e as botas... Oi, están suxas!... Que curioso, onte o señor non saíu!... Deitouse polo serán, queixándose de que lle doía moito a cabeza... E mais non atopo o pantalón... Onde irá o pantalón? *(Tropeza cun segundo par de botas)* O que!... Máis botas!... E suxas!... Que cousa curiosa! *(Dexergando outras pezas de roupa enriba duna cadeira)* E outra casaca!... E un segundo chaleque!... E tampouco hai pantalón!... Seica os días que lle doe a cabeza, o señor Lenglumé se viste de escocés!... Aquí está pasando algo... *(Espirra)* Cago no catarro!... E esqueceume o pano!... Que parvo son!... *(Colle o pano dunha das levitas que pillou e sóase moi forte varias veces)*

LENGLUMÉ *(despertando na alcoba)*: Quen anda a tocar o corno?...

JUSTIN: Ai, despertei o señor! *(Escapa axiña pola dereita, no terceiro plano)*

ESCENA II

LENGLUMÉ *(só, pasando a cabeza entre as cortinas)*: Ninguén!...Xa é día, oíches!... *(Escorrega para abaixo do leito. As cortinas vólvense pechar atrás súa. Leva posto o pantalón)* Onde me vai o pantalón? *(Mirándoo)* Ah, lévoo posto!... Éche ben estraño!... Deiteime con... Ah, xa me lembro!... *(Con aire de misterio)* Chiss, miña muller non sabe nada!... Onte fun de farra... Carainas, que sede teño! *(Colle unha xerra de auga que está enriba da cheminea e bebe directamente dela)* Fun á cea anual dos ex-alumnos do colexio, eu sempre fun dos alumnos máis... mediocres... Miña muller non quería que eu fose... daquela fixen coma quen que me doía a cabeza... fixen que me deitaba e... pumba, lisquei para o restaurante Véfour!... Que ben estivo, oíches!... Servíronnos unhas copiañas de augardente... para romper o frío... e despois madeira, champáña, borgoña!... Carape, que sede teño! *(Bebe directamente da xerra)* Creo que me puxen algo... peneque!... Eu, unha persoa de orde!... Tiña á dereita un notario... nada divertido!... e á esquerda un fabricantiño de biberóns que nos cantou unha tirando para... picante!... De certo que era algo... era demasiado... Heille pedir que ma dea... Entón, despois da ensalada, os meus recordos embarúllanseme todos! *(Reflexionando)* E comín ensalada?... Vamos ver!... Non!... Hai unha lagoa na miña existencia, oíches!... E como demo volvín para aquí?... Teño unha vaga lembranza de estar paseando á beira do teatro do Odeón... e eu vivo lonxe, na rúa de Provenza!... Sería verdadeiramente o Odeón?... Imposible lembrarme!... A lagoa! Sempre a lagoa! *(Collendo o seu reloxio da cheminea)* As nove e media! *(Gárdao no peto da camisa)* Hai que se vestir rápido! *(Séntese roncar detrás das cortinas)* O que!... Roncaron na miña alcoba! *(Novos ronquidos)* Diantre! Seica trouxen a alguén sen me decatar!... E de que sexo é?... *(Diríxese con rapidez ao leito. Aparece Norine)*

ESCENA III

LENGLUMÉ, NORINE

NORINE: Por fin te ergueches!

LENGLUMÉ (*á parte*): Miña muller!

NORINE: Entón! Non me das un bico?

LENGLUMÉ: Chiss! (*Á parte*) Vai despertar!

NORINE: O que?

LENGLUMÉ: Nada!... Vamos dar unha volta pola rúa!

NORINE: Pola rúa! Se nin estás vestido, mesmo!... E ese rostro descomposto... Non estarás enfermo?

LENGLUMÉ: Si... confésecho que...

NORINE (*con viveza*): Vólvete deitar. (*Chamando*) Justin!

LENGLUMÉ: Chiss!... Máis baixo!

NORINE: Vouche facer a cama. (*Vai cara á alcoba*)

LENGLUMÉ (*deténdoa*): Non!... Xa vou ben... Xa vou mellor... Eran gases...Vamos dar unha volta pola rúa!

NORINE (*á parte*): Que lle pasa?... (*En alto*) A propósito: non viches o paraguas do primo Potard?... Un que ten na empuñadura unha cabeza de macaco?...

LENGLUMÉ: O paraugas?... Non... (*Á parte, lembrándose*) Contra, leveino onte á cea!... Quedoume na cea... pola banda do Odeón...

NORINE (*que atopa no chan un mechón postizo*): E isto que é?

LENGLUMÉ: O que?

NORINE: Un postizo rubio! Arre centella, señor!

LENGLUMÉ (*á parte*): Un postizo! Daquela... (*Mirando para a alcoba*) É unha muller! Trouxen unha muller!...

NORINE: Explíquese, señor!..

LENGLUMÉ (*con viveza*): É para ti... un regalo...

NORINE: Pero se eu teño pelo!

LENGLUMÉ: Si... pero hache caír... É para o futuro!.. (*Séntese roncar na alcoba*)

NORINE: Eh?... Que é ese ruído?

LENGLUMÉ (*a parte*): Arre bicho! (*En alto*) Son eu, son os meus gases... (*Roncando*)
Ron!... Ron!... Vén do ventre!

NORINE: Vamos, vístete axiña!... Hoxe é o bautizo do pequerrecho de Potard... e nós somos os padriños. (*Novos ronquidos*)

LENGLUMÉ (*bate nas mans. Á parte*): Dis que así calan...

NORINE: Que estás a facer?

LENGLUMÉ: Aplaudo... Ti dis que somos os padriños e eu respondo: Bravo! Bravo!

NORINE: Realmente non sei o que tes hoxe!... Vou acabar de me vestir!... Dentro dun pouco xantamos! (*Sae pola esquerda, no segundo plano*)

ESCENA IV

LENGLUMÉ, MISTINGUE

LENGLUMÉ (*correndo a abrir as cortinas*): Señora!... Señorita! Saia!...

MISTINGUE (*despertando*): Eh?... Mmm!... (*Ten o nariz todo vermello*)

LENGLUMÉ: Un home!

MISTINGUE (*póndose sentado*): Que quere, señor?

LENGLUMÉ: Como que quero?... Que fai vostede aí, na miña cama?...

MISTINGUE: A súa cama?... (*Mirando de arredor*) Vaites!... Onde estou?

LENGLUMÉ: Na miña casa, señor! Na rúa de Provenza!

MISTINGUE (*saltando rápidamente fóra da cama. Leva un pantalón*): Na rúa de Provenza?... E eu que vivo á beira do Odeón!

LENGLUMÉ: Veña! Fale!

MISTINGUE: Con que dereito me ten aquí preso, señor?

LENGLUMÉ: Ai, ho, esta éche boa!

MISTINGUE: Espero que me explicará como me atopo entre as súas sábanas!... Non o coñezo de nada!

LENGLUMÉ: Nin eu tampouco! (*Á parte*) De onde sae o animal este?

MISTINGUE: Carainas, que sede teño! (*Vai xunto da xerra e bebe directamente*)

LENGLUMÉ: Veña, meu señor!... Sen complexos!... (*De súpeto*) Oh, que idea!... Perdón, mozo... Non iría onte de cea ao restaurante Vefour?

MISTINGUE: Si... E mais que lle importa!

LENGLUMÉ: Entón vostede é un ex-alumno... Coma min!

MISTINGUE: Ah! Boh!

LENGLUMÉ: Dous ex-alumnos!... Explícase todo!... Lenglumé... Oscar Lenglumé!

MISTINGUE: Ah, si, un parvallán!

LENGLUMÉ: Iso é!... Recoñeceume!

MISTINGUE: E eu son Mistingue!

LENGLUMÉ: Ah, si, un chapón!... Paréceme que aínda estou alí: “Matrícula en latín o alumno Mistingue, natural da Borgoña!”

MISTINGUE: E mais é certo!... Que parvo é un de novo!

LENGLUMÉ (*á parte*): Matrícula en latín!... Debe ter unha boa posición o rapazote este!

MISTINGUE (*á parte*): Está amoblado de moito pendello!

LENGLUMÉ (*tendéndolle a man*): Como che vai?

MISTINGUE: Vai indo. E ti?

LENGLUMÉ: O bo de Mistingue!

MISTINGUE: O bo de Lenglumé!

LENGLUMÉ (*á parte*): Que vermello ten o nariz!

MISTINGUE (*á parte*): Abofé que non me acordo nadiña del!

LENGLUMÉ: O bo de Mistingue!

MISTINGUE: O bo de Lenglumé!

LENGLUMÉ (*á parte*): É curioso, cando un leva vinteseite anos e medio sen ver a alguén... case non ten nada que lle dicir. (*En alto*) O bo de Mistingue!

MISTINGUE: O bo de Lenglumé!

LENGLUMÉ: Pero explícame como é que te atopas na miña alcoba...

MISTINGUE: Pois non che sei... Non che escondo que eu, a partir do rodaballo, xa estaba nas nubes...

LENGLUMÉ: Eu resistín ata a ensalada

MISTINGUE: Que fariamos durante ese tempo?

LENGLUMÉ: Nunca o saberemos. Todo o que eu sei é que perdín o meu paraugas... un que ten na empuñadura unha cabeza de macaco...

MISTINGUE (*ledo*): Coma min, que perdín o pano... Se cadra fixemos algunha atrocidade!

LENGLUMÉ: A min súbeseme o viño decontado... Súbeseme o falerno!... Como di Horacio... Horatius!...

MISTINGUE: Horatius Cocles...

LENGLUMÉ: Non... Horatius Flaccus! Ti tes que sabelo! Matrícula en Latín!

MISTINGUE: Vagamente!... Vagamente!

LENGLUMÉ: Carainas, que sede teño!... (*Colle a xerra e bebe directamente*)

MISTINGUE: Oíches, pásama despois, a xerra. (*Lenglumé pásalla e el bebe á súa vez*)

LENGLUMÉ: ¡Ah, espero que non nos imos apartar así! Dous ex-alumnos!... Xantas comigo?

MISTINGUE: De acordo!

LENGLUMÉ: Onde metería eu a chave da adega? (*Cachea no peto e tira del unha presada de carabuñas*) Vaites! E isto que é? Carabuñas de cereixas!

MISTINGUE (*fai o mesmo*): E eu carabuñas de ameixas!

LENGLUMÉ: De onde vén esta plantación?

MISTINGUE: A cousa intrígame! (*Póndose filosófico*) Despois de todo, todos recollemos os nosos froitos!

LENGLUMÉ (*téndelle a man, Mistingue pousa nela as súas carabuñas*): Graciñas por estas sabias palabras! (*Á parte*) Que vermello ten o nariz!

ESCENA V

OS MESMOS, JUSTIN *que trae as levitas e os pares de botas*

JUSTIN (*á parte, ao dexergar a Mistingue*): Vaites, o señor que son dous! (*En alto*) Señor!

LENGLUMÉ: Que é o que queres?

JUSTIN: Traio a roupa...

MISTINGUE (*á parte*): Tenche un bo criado!

JUSTIN: E os dous pares de botas... (*Á parte*) Por onde entraría ese?

LENGLUMÉ: Pon tres cubertos... teño un amigo a xantar... rapidiño.

JUSTIN: Decontadiño, señor. (*Á parte*) Por onde diaño entraría?

ESCENA VI

OS MESMOS *menos JUSTIN*
(*Os dous séntanse e poñen as botas*)

LENGLUMÉ: Oíches, voute presentar á miña muller... pero non lle fales da cea dos ex-alumnos.

MISTINGUE: Está tranquilo! (*Á parte, poñendo as botas*) Arré, quedan xustiñas!... É a humidade!

LENGLUMÉ (*á parte*): Parece como se cederan... É a humidade! (*En alto, ao se vestir*) Daquela, ti debes ter unha boa posición. Levando matrícula en Latín!

MISTINGUE (*vestíndose*): Si... Non teño queixa... Son xefe de...

LENGLUMÉ: ... de división

MISTINGUE: Non!

LENGLUMÉ: ... de batallón

MISTINGUE: ...Non! Son xefe de...

LENGLUMÉ: ... de familia longa e numerosa.

MISTINGUE: Non, xefe de cociña!

LENGLUMÉ: Eh!... Cociñeiro?

MISTINGUE: Déixame a túa navalla barbeira... Voume afeitarmos.

LENGLUMÉ: Non, ho!... Rompeume! (*Á parte*) Cociñeiro! Pésame telo invitado!

MISTINGUE: Entón, vamos xantar axiña, que esta noite marchamos de Francia.

LENGLUMÉ: E logo?

MISTINGUE: Vou para o ducado de Brunswick.

LENGLUMÉ: Oi, que pouco tempo estás comigo!

MISTINGUE: Un choio soberbio!... Catro mil francos!... E o que caía no papo!

LENGLUMÉ (*á parte*): Que vulgar é!... Se puidese mandalo a comer á cociña!

MISTINGUE (*examinándose as mans que están todas negras*): Oh, que cousa máis curiosa!

LENGLUMÉ: Un cociñeiro, oíches!

MISTINGUE (*dexergando as mans de Lenglumé, que tamén están negras*): Vaites!...

LENGLUMÉ: As miñas tamén!... De onde demo pode vir iso? (*Cacheando no peto e tirando del un anaco de carbón*) Carbón!... Hai un momentinho eran carabuñas!...

MISTINGUE (*tirando tamén un anaco de carbón do peto*): Tamén eu, tamén eu!

LENGLUMÉ: Entón! Seica esta noite estivemos confraternizando con carboeiros!

MISTINGUE: *O ferreiro vai no ferro
e a muller vai no carbón...*

ESCENA VII

OS MESMOS, NORINE; e logo JUSTIN

NORINE: Veña: estás preparado? (*Ao dexergar a Mistingue, en baixo*) Quen é este señor?

LENGLUMÉ: É... É un notario!

MISTINGUE (*en baixo a Lenglumé*): Magnífica muller!... Preséntame.

LENGLUMÉ: Si... querida... preséntoche... o alumno Mistingue... natural da Borgoña...

MISTINGUE: E xefe de...

LENGLUMÉ (*rápidamente*): ... longa e numerosa familia. (*En baixo*) Cala, ho!

NORINE (*saudando*): Señor...

MISTINGUE (*idem*): Señora...

JUSTIN (*traendo a mesa*): A comida está servida!

MISTINGUE: Veña! Á mesa, á mesa!

NORINE (*á parte*): Como que á mesa?... (*En baixo, ao seu marido*) Seica o convidaches?

LENGLUMÉ (*en baixo*): E que lle queres?... É un ex-alumno! Un amigo íntimo!... Ten conta da prata!

NORINE: Como que da prata?...

LENGLUMÉ: Á mesa, á mesa!

XUNTOS
Axiña, axiña! Á mesa!
Que este xantar
de fino manxar
de certo } me interesa
 { lle
pois comer é o mellor do ser!

NORINE (*á parte*): Pois si que é agradable!.... Convidar nun día de bautizo!

MISTINGUE (*comendo*): A salsa non está nada ben!

NORINE. O que?

MISTINGUE: Non me quero gabar pero cando eu me poño...!

LENGLUMÉ (*en baixo*): Pero cala, ho! (*En alto, á súa muller*) Sírvoche unha pouca, parrula?

NORINE (*seca*): Agradecida! Como está tan mal!

MISTINGUE: Eu poño a cebola a rustrir... engádolle un pouco de viño branco e remexo seguido... para que se vaia facendo.

NORINE (*á parte*): É un notario ben curioso!... (*En alto*) Justin... pásame o diario

JUSTIN (*á parte*): Estache boa!.. Presteillo á cocíneira do primeiro para que lese o folletín!...

MISTINGUE: Entón non come, señora Parrula?

NORINE (*furiosa*): Estame chamando Parrula!

LENGLUMÉ: Foi un lapsus... Unha pouca tortilla?

NORINE: Non teño fame!

JUSTIN (*collendo un diario que envolve o bote de tabaco*): Aquí hai un vello... de 1837... Boh, despois de todo non le senón o que fala de cans esmagados nos accidentes... e iso non ten data.

NORINE: Ven ou non ese diario?

JUSTIN: Velaí ten, señora.

LENGLUMÉ (*a Mistingue, que se serve viño*): Unha pouca auga?

MISTINGUE: Endexamáis!... Estou de réxime!

LENGLUMÉ (*á parte*): Así me explico o seu nariz

(*Justin colle unha fonte e vaise*)

NORINE (*que percorreu o diario*): Ah, meu Deus, que suceso máis espantoso!

MISTINGUE e LENGUMÉ: Que foi?

NORINE (*lendo*): “Esta mañán, na rúa de Lourcine, foi atopado o cadáver dunha carboeira noviña horriblemente mutilado...”

LENGLUMÉ: É terrible! Vou tomar máis tortilla!

MISTINGUE: Tamén eu!

NORINE (*continuando*): “Suponse que os asasinos eran dous...”

LENGLUMÉ: Dous contra unha muller! Covardes!... Está algo salgada.

MISTINGUE: De máis.

NORINE (*continuando*): “A xustiza está tras da pista dos culpables, ao contar con dúas pezas acusatorias...”

LENGLUMÉ: Bravo, estalles ben!

NORINE (*continuando*): “Un paraugas verde que ten na empuñadura unha cabeza de macaco..”

LENGLUMÉ e MISTINGUE: O que?

NORINE: Xusto como o do primo Potard!

LENGLUMÉ (*á parte*): Ai, meu Deus!

NORINE: E mais un pano marcado coas letras J. M.”

MISTINGUE: A miña marca! O cabelo pónseme de punta!

NORINE (*retomando a lectura*): “Que os dous bandidos, en estado de embriaguez...”

LENGLUMÉ (*a parte*): Éche ben certo!

NORINE (*rematando*): “... deixaron esquecidos perto dun saco de carbón que levaba a vítima.”

LENGLUMÉ: Carbón! (*Lenglumé e Mistingue miran as suas mans negras e ceiban un berro*) Ah!

NORINE: Que tedes?

LENGLUMÉ e MISTINGUE (*escondendo rápidamente as mans debaixo da mesa*): Nada!... Nada!

NORINE (*a Mistingue*): Unha costeleta, señor?

MISTINGUE: Graciñas!... Graciñas!... Xa non teño fame!

NORINE: E ti, querido?

LENGLUMÉ: Eu tampouco!

NORINE (*a Justin, que acaba de regresar*): Justin, sirva o postre!

MISTINGUE: Eu non tomo!

LENGLUMÉ: Non tomamos!

NORINE: Entón o café!...Os licores!... (*Justin sae*)

MISTINGUE: Agradecidísimo!...Eu xa rematei!

LENGLUMÉ: Xa rematamos!

NORINE (*tendendo o vaso*): Ben, entón bótame de beber!

LENGLUMÉ (*coas mans debaixo da mesa*): Non!... Vólvenme os gases!...

(*Norine téndelle o vaso a Mistingue*)

MISTINGUE (*o mesmo*): A min tamén!... Os gases del!

NORINE (*á parte*): Por que diaño meterán as mans debaixo da mesa?

JUSTIN (*volvendo e pousando enriba da mesa unha bandexa que ten o café e os licores*): Señora, o señor Potard está no salonciño.

NORINE (*erguéndose*): Meu primo!... O pai do noso afillado!... Vou alá!

CORO

Que aventura tan rara!
{ Teño moi mala cara
{ Tenvos
mais se limpo quedara
curado { estarei
 { estará
E ledos { cantarei!
 { cantará

(*Norine sae seguida por Justin que levou a mesa da dereita*)

ESCENA VIII

LENGLUMÉ, MISTINGUE

LENGLUMÉ (*amosando as mans*): Entón, Mistingue!

MISTINGUE (*o mesmo*): Entón, Lenglumé!

LENGLUMÉ: Non hai dúbida!... Fumos nós os autores!

MISTINGUE : Non me atrevía a dicircho!

LENGLUMÉ: É horrible!

MISTINGUE: E eu que me poño tan ledos co viño!

LENGLUMÉ (*poeticamente*): Pobre carboeira!...Segada na flor da mocidade!

MISTINGUE: A paraugazos!... Oíches: se cadra era ben que lavamos as mans.

LENGLUMÉ (*á parte*): É un canalla... pero qué presenza de ánimo! (*En alto*) Auga! Axiña!

MISTINGUE: Cepillo! Xabron!... (*Corren cara ao lavabo e tráeno para diante do escenario e lavan as mans nel*)

OS DOUS

Lavemos as mans!
Quedaremos sans
borrando a negriza!
Non temamos á Xustiza
que ela nada saberá!
E todo ben irá
E todo ben irá
Nada verá!
A Xustiza nada saberá!

MISTINGUE

Para pasar por xentes moi honradas
cómpre ter as mans moi ben lavadas!

LENGLUMÉ

E coa conciencia como vas facer?
Con xabron, así, non has poder!

MISTINGUE

Ai, a iso non hai que temer,
que a conciencia é imposible de ver!

LENGLUMÉ

Que razón ten, é un gran pracer!
Mais cómpre ter
sempre a aparencia
e moita prudencia

XUNTOS

Moita prudencia!
Lavemos as mans! Etc.

ESCENA IX

OS MESMOS, NORINE, POTARD

NORINE (*entre bastidores*): Entra, primo... (*Ao dexergar o seu marido e Mistingue que están a lavar as mans con furia*) Entón! Que estades a facer aí?

LENGLUMÉ (*conmocionado*): Eeemmm!... pois... pois.... pois...

MISTINGUE: Lavamos as mans.

LENGLUMÉ (*volvendo o lavabo para o seu sitio*): E máis non estaban negras!

MISTINGUE: Ao contrario.

LENGLUMÉ: É para distraernos... Entre ex-alumnos... xogamos a nos lavar!

NORINE (*á parte*): Que caras máis estrañas!...

POTARD: Moléstote, primo?

LENGLUMÉ: En absoluto!

POTARD: A propósito! E o meu paraugas?

LENGLUMÉ (*dando un chimpo*): Carainas!

MISTINGUE (*en baixo*): Tente, ho!

NORINE: Non entendo nada... imposible atopalo.

POTARD. Oh, non se pode perder! Leva o meu nome gravado no mango, co meu enderezo!

LENGLUMÉ (*en baixo, desfalecendo*) Estou perdido!... Ha dicir que mo prestou!

MISTINGUE (*en baixo*): Tente, ho!

NORINE: Saíches onte, querido?

LENGLUMÉ: Endexamáis!... Nada diso!... Teño coartada!

MISTINGUE (*rápidamente*): Estabamos lonxe, en Vaugirard.

NORINE (*á parte*): Vaugirard? Coartada?... Que teñen? (*En alto*) Pois as botas, tíñalas suxas!

POTARD: E eu atopeivos, rapazolos!

LENGLUMÉ (*baixo*): Unha testemuña de cargo!

MISTINGUE: Carainas!

NORINE: Atopáchelos!... E onde, por favor?

POTARD: Nun sitio...

MISTINGUE (*interrumpíndoo rápidamente*): É mentira!

LENGLUMÉ: Estabamos de costas á rúa de Lourcine.

POTARD: E quen está a falar da rúa de Lourcine?... Atopei a estes señores no teatro do Odeón.

LENGLUMÉ e MISTINGUE: O que?...

POTARD: E non me aparteí deles en toda a noite.

LENGLUMÉ: Non se apartou de nós!

MISTINGUE: En toda a noite! (*Os dous póñense a bailar cantando*) Trailalalalelo!

NORINE (*á parte*): Meu marido tolea! (*Gritando*) Lenglumé! Lenglumé!... Vístete logo para o bautizo!

LENGLUMÉ (*todo exaltado*): Ah, si, quero saír! Quero respirar a brisa! Quero bautizar ao pequerrecho de Potard!... E mirar de fronte a toda a policía francesa!... (*Bica á súa muller*)

NORINE: Para quieto, que me engurras o vestido! Ven, meu primo, deixemos que se prepare... Vouche ensinar o vestidiño que lle teño ao teu pequerrecho para o bautizo. (*Ao seu marido*) Bule! (*Entra á esquerda, no segundo plano. Potard queda no fondo*)

LENGLUMÉ (*en baixo*): Non facía falta lavar as mans

MISTINGUE (*en baixo*): Ben, agora xa está!

LENGLUMÉ: O Odeón!

MISTINGUE: O Odeón! (*Abrázanse*)

POTARD (*baixando*): É unha caroca!... Ben sabedes que no verán está pechado, o Odeón!

LENGLUMÉ e MISTINGUE (*aterrorizados*): O que?... Pechado?

POTARD: Diante da túa muller non quixen dicir o que sabía...

LENGLUMÉ: O que?

MISTINGUE: Que é o que sabe?

NORINE (*entre bastidores*): Veña, primo!

POTARD: Vou, vou! (*Antes de saír*) Ah, sodes uns bandidos terribles! (*Entra polo segundo plano, á esquerda*)

ESCENA X

LENGLUMÉ, MISTINGUE

MISTINGUE: Uns bandidos!

LENGLUMÉ: Sábeo todo!... Estes sobresaltos altéranme completamente!

MISTINGUE: A min escorrégame a suor! (*Vai á mesa e sèrvese un gran vaso de curaçao*)

LENGLUMÉ: Que fas con iso?

MISTINGUE (*bebendo*): Non sei, cando me sinto abouxado póñome atordoado!...

LENGLUMÉ: Pois logo, dame un vasiño de auga con viño... igual tamén me pon atordoado a min...

MISTINGUE (*botándolle un vaso enteiro de curaçao*): Traga isto... éche veludo, talmente

LENGLUMÉ (*baleirando o vaso dun grolo*): Oíches, éche curaçao!

MISTINGUE: De Holanda!

LENGLUMÉ: É suaviño... Ah, moi ben fai!

MISTINGUE: Gorenta. (*Cachean nos seus petos para tiraren deles o pano. Lenglumé saca un pucho de muller, e Mistingue un zapato*)

LENGLUMÉ: O que?... Agora un pucho de muller!

MISTINGUE: Un zapato!

LENGLUMÉ: Os despoxos da nosa vítima! Seica a deixamos sen pucho!

MISTINGUE: E sen zapatos!

LENGLUMÉ: Eu, unha persoa de orde!... Como facer desaparecer estas pistas?... Ah, neste bote de tabaco!

MISTINGUE: Tes pozo na casa? (*Bate contra dunha cadeira*) Ai!

LENGLUMÉ (*espantado*): A policía! (*Mete o pucho no bote de tabaco*)

MISTINGUE: Non... Levei unha pancada.

LENGLUMÉ: Mimadriña, que medo tiven!

MISTINGUE: E este zapato?

LENGLUMÉ: Faino desaparecer!... Cómeo!... Non tardes!

MISTINGUE (*facendo o xesto de o tragar, e parándose*): Non... vouno volver cinza... Onde hai lume?

LENGLUMÉ (*sinalando a esquerda, no primeiro plano*): Aí, nese cuarto. (*Dexergando as súas mans que se volveron de novo negras*) Ah!

MISTINGUE (*dando un chimpo*). A policía!

LENGLUMÉ: Non!... Ese carbón que reaparece de novo... como a mancha de sangue de Macbeth!...

MISTINGUE (*amosando as súas mans*): As miñas tamén!

LENGLUMÉ: Ah, non volvo matar outra carboeira, emporcan de máis!

MISTINGUE: Auga, axiña!

LENGLUMÉ: Cepillo!... Xabron!... (*Corren cara ao lavabo, tráeno e lavan as mans retomando a segunda parte da canción precedente*)

Lavemos as mans! etc

ESCENA XI

OS MESMOS, NORINE

NORINE: Entón? Estás preparado? (*Dexergándoos*) Como? Aínda?

MISTINGUE (*aloulado*): Non se pode entrar!...

NORINE: Oíches! Seica vas lavar as mans todo o día? (*Mistingue leva o lavabo para o fondo, á dereita*)

LENGLUMÉ: Como hoxe estou de días...

NORINE: De días! E nin mesmo me agradeceches a miña sorpresa!

LENGLUMÉ: Que sorpresa?

NORINE: Este bote de tabaco. Que che parece? (*Disponse a abrilo*)

LENGLUMÉ (*á parte*): O pucho! (*En alto*) Non o toques!

MISTINGUE (*deténdoa*): Non o toque!

NORINE: E logo?

LENGLUMÉ: Pódese derramar... co aire.

MISTINGUE: O tabaco... é coma o éter!

NORINE (*á parte*): Oi, aquí pasa algo! (*En alto*) Dígocho de volta, apura! Imos chegar tarde!

LENGLUMÉ: Vou pillar o sombreiro. (*Á parte*) Vou correndo á prefectura pedir un pasaporte... e dentro dun momentíño estou en América.

XUNTOS

NORINE

Que estraña afirmación!
E que comportamento!
Saberei máis da cuestión
Noutro mellor momento

LENGLUMÉ e MISTINGUE

Sexamos valerosos!
Fuxamos do tornado!
Os mares procelosos
crucemos, mesmo a nado!

MISTINGUE

Do terror a acedume!
Do abalo o arrebató!
Voume queimar no lume
o acusador zapato!

NORINE

Que estraña afirmación! etc

(Lenglumé sae polo fondo. Mistingue entra pola dereita, no primeiro plano)

ESCENA XII

NORINE, logo POTARD

NORINE (*soa*): Pois claro que pasa algo... Ese rostro descomposto... cando eu quixen abrir o bote de tabaco... Que é o que pode ser?... (*Achégase a el*)

POTARD (*entrando*): Oh, miña prima, é de máis! ... Fixeches unha tolemia

NORINE (*afastándose do bote de tabaco sen telo aberto*): E logo?

POTARD: Un vestidiño bordado... e mais dous puchiños!...

NORINE: Non se fale máis!... Seica non és o noso único parente por parte dos Frottemouillard?

POTARD: É certo... Ti és tan boa comigo... Iso dame azos: miña prima, teño unha petición que che facer.

NORINE: A min?

POTARD: É dicir, ao teu marido...

NORINE: Pois veña!

POTARD: É que... é unha petición de cartos.

NORINE: E que? Que máis ten!

POTARD: Durante o embarazo, a miña muller tivo caprichos ruinosos... non quería comer senón melón e amorodos...

NORINE: Eu tragaba latas de sardiñas

POTARD: Eu preferiría as sardiñas por que os melóns e os amorodos... no mes de xaneiro... son carísimos!... pero tiña medo de que o pequerrecho saíra cunha marca por culpa diso.

NORINE: O meu afillado cunha marca de melón! Que horror!

POTARD: Daquela débolle mil cincocentos francos a un vendedor de froita que anda atrás miña!

NORINE: Pois hai que pagalos!... Nós somos ricos!

POTARD: Ai, prima!

NORINE: E a quen lle imos prestar os cartos senón a ti, o único parente noso por parte dos Frottemouillard!

POTARD: Canta bondade! Nunca dubidei de ti... pero...

NORINE: O que?

POTARD: O teu marido... É algo agarrado ao carto, o señor Lenglumé.

LENGLUMÉ (*entre bastidores*) : Non estou para ninguén!

NORINE: Velo aquí está! Tes que lle falar. Eu axúdoche!

ESCENA XIII

OS MESMOS, LENGLUMÉ

LENGLUMÉ (*entrando moi axitado, á parte*): Hoxe é domingo... a prefectura está pechada... non hai pasaporte... Maldición!

NORINE: Querido!...

LENGLUMÉ (*á parte*): Miña muller!... Poñamos cara alegre! (*En alto*) Ah, que contento estou!... (*Con mal humor*) Ah, que contento estou!

NORINE: Alégrame ben! O primo Potard... ten unha cousña que che dicir.

LENGLUMÉ (*á parte*): O primo Potard!... A miña testemuña de cargo! (*En alto*) Efectivamente... penso que temos que falar... que falar nós os dous sós... déixanos, querida.

NORINE: Pero...

LENGLUMÉ: Déixanos.

NORINE: Voume! (*En baixo, a Potard*) Veña!... Ánimo!

CORO

{ Teremos que explicarnos
{ Teredes que explicarvos
sen máis dubidar!
{ Debemos achegarnos!
{ Debedes achegarvos!
{ Ousemos falar!
{ Ousade

(*Norine sae polo fondo*)

ESCENA XIV

LENGLUMÉ, POTARD

LENGLUMÉ: Estamos sós... Fala baixo!...

POTARD: Ah!... Seica hai que falar baixo?...

LENGLUMÉ: Si

POTARD (*En baixo*): E logo?

LENGLUMÉ: Entón, Potard: É atroz nonsi?

POTARD: O que?

LENGLUMÉ: Vichesme, esta noite?

POTARD: E mais seguinvos tamén... petabades contra as paredes... e todo o que se atopaba de diante vosa... co meu paraugas... Pim! Pam! Paf!

LENGLUMÉ (*á parte*): Coitadiña dela!...

POTARD: Zoscádeslle ben cando vos poñedes!

LENGLUMÉ: Xúroche que é a primeira vez que o fago! Pobre muller!

POTARD: A túa muller non ha saber nada!

LENGLUMÉ: Non... a outra! (*Sinala o ceo*)

POTARD (*á parte, rindo*): Como!... Hai outra!... Enriba?

LENGLUMÉ: Potard... teño unha cousa que che pedir...

POTARD: Eu tamén!

LENGLUMÉ: Non che gustaría seres ti o causante da miña pena, non é? Ti, o noso único parente por parte dos Frottemouillard!

POTARD: Fala, primo.

LENGLUMÉ: Pois, se che preguntan algunha vez a quen lle prestaches o paraugas... O teu funesto paraugas!...

POTARD : Que é o que ten?

LENGLUMÉ: Responde... Ah, responde que o perdeches no tren de Versailles, cando ías ver os chafarises, un domingo!...

POTARD: Que idea tan estrafalaria, oíches!

LENGLUMÉ: Entendeches?

POTARD: Home...

LENGLUMÉ (*dándolle a man*): Graciñas!... Graciñas!... (*Suspiro de satisfacción*)

POTARD (*á parte*): Semella ben disposto. (*En alto*) Meu primo, agora vou eu: teño un favor que che pedir.

LENGLUMÉ: Fala, xa sabes que non che podo negar nada.

POTARD: É que... son cartos...

LENGLUMÉ: ¡Ah, son...! (*Á parte*) Quéreme chantaxear! (*En alto*) Vamos... ti es unha persoa honrada... debes ser moderado: Canto?

POTARD (*tras dubidar*): Mil cincocentos francos.

LENGLUMÉ (*ledo*): Só? (*á parte. Canta*)

O progreso agora manda en todo,
antes non coñecían a invención
e torcían o bico moi amodo.
Arestora nós temos a extorsión!

(*A Potard*)

Corazón xeneroso, estou contento
pois puidiches, tratando de abusar,
esixirme un enorme movemento
e con pouco te fuches conformar

Moi amable! (*Entregándolle os dous billetes*) Velaí van!

POTARD: Ah, meu primo!... Canta xenerosidade!... Toma, déixame agradecercho!
(*Abrázao*)

LENGLUMÉ (*emocionado*): Ah, non tes medo de abrazarme! Ti es un home forte!

POTARD (*á parte*): Que é o que ten? (*En alto*) Vou entrar no teu gabinete para escribir ao meu acreedor. Podo?

LENGLUMÉ: Adiante! Pero xúrasme que corres un tupido velo...

POTARD: Sobre que?

LENGLUMÉ: Sobre esta noite de horror!

POTARD: Veña, ho!... Iso é *peccata minuta*!

LENGLUMÉ (*satisfeito*): *Peccata minuta*!... Ah, ti es un home forte!

POTARD: Está tranquilo, non llo hei dicir a ninguén... Non sendo á miña muller!

LENGLUMÉ: Á túa muller? A máis lingoreteira da contorna!

POTARD: Non podo esconderlle nada. Dase tanto xeito para me tirar da lingua!

LENGLUMÉ: Potard!... En nome do ceo!

POTARD: Non, non podería manter a palabra! (*Vaise cara ao gabinete*)

LENGLUMÉ (*correndo atrás del*): Potard!... Potard!

POTARD: É imposible! (*Entra á dereita, no primeiro plano, e pecha a porta*)

ESCENA XV

LENGLUMÉ, *despois* Justin

LENGLUMÉ: Imposible!... Son un home perdido! A súa muller vaino contar todo e o mes que vén pregoaráse: “Acaba de aparecer!... Horrible asasinato cometido pola banda de Lenglumé! Á venda por un céntimo!” (*Tremelicando*) Brrr!... E dicir que se eu lle dese pechado a boca a ese home remataría todo!... Todo!

JUSTIN (*entrando da esquerda cun braseiro de carbón*): Estache completiño, o amigo do señor!

LENGLUMÉ (*á parte*): Vén alguén! (*Revírase*)

JUSTIN (*á parte, rindo*): Bebeu a xenebra toda!... Agora anda a cociñar un zapato e chora por el!

LENGLUMÉ: A onde vas?... (*Amosando o braseiro*) E iso que é?

JUSTIN: É un braseiro de carbón acendido. Lévoo á biblioteca para que seque o papel. (*Entra á dereita, no primeiro plano*)

LENGLUMÉ (*só*): Un braseiro!... E Potard está aí!...Vaino asfixiar!... (*Todo ledoo*) Vaino asfixiar... Ese rapaz vai acabar mal!...

NORINE (*entre bastidores*): Lenglumé!... Lenglumé!

LENGLUMÉ: Non entres!... Non entres! (*Sae rápidamente pola esquerda, no segundo plano*)

JUSTIN (*de regreso*): Abrín as dúas fiestras... por causa do señor que está a escribir... Pero por que díaño o outro anda a cociñar o seu zapato? ... Ah, estache ben pavero!... Di

que matou unha carboeira na rúa de Lourcine... e que meteu o seu pucho nun bote... O que tal fan os licores!... Oíches, o tabaco!... O señor non está... vou encher a miña pipa.
(Tira a súa pipa e saca o testo do bote)

LENGLUMÉ *(volvendo e dexergando a Justin)*: Que fas ti aí?

JUSTIN: Oh! *(ponse rápidamente de costas ao bote e segue a encher a pipa por detrás: en vez de tabaco, mete nela as fitas do pucho)*

LENGLUMÉ: Vaite

JUSTIN: Si, señor. *(Ao se afastar leva de arrastro o pucho)*: Un pucho!

LENGLUMÉ: Silencio!

JUSTIN: Ai, meu Deus!... Daquela era certo?... O da carboeira... Nun bote!

LENGLUMÉ *(aterrorizado)*: Como?... Sábelo?...

JUSTIN: Na rúa de Lourcine!

LENGLUMÉ *(pillándoo pola gorxa)*: Miserable!... Voute estrangular!

JUSTIN: Socorro! Socorro! *(Lisca pola dereita, no segundo plano)*

ESCENA XVI

OS MESMOS, NORINE

NORINE: E eses berros?... Que foi?

LENGLUMÉ *(moi calmo)*: Nada... falaba con Justin... O bo de Justin!

NORINE *(cun papel na man)*: Que é esta factura que acabo de recibir?... Encargaches algo?

LENGLUMÉ: Non. *(Á parte)* É absolutamente necesario que Justin cale!... Absolutamente! *(Diríxese cara á porta pola que entrou Justin)*

NORINE: Onde vas?...

LENGLUMÉ *(tranquilamente)*: Voulle dar corda... ao bo de Justin... *(Á parte)* Absolutamente!

ESCENA XVII

NORINE, *despois* JUSTIN

NORINE: Darlle corda a Justin!... Se non a precisa!

JUSTIN (*aparecendo pola porta da esquerda, no segundo plano*): Señora... están esperando por esa factura. (*Desaparece*)

NORINE: Non entendo nada!... Absolutamente nada!... Sen dúbida é un erro... Hai que aclaralo... vou ver... (*Chamando*) Justin!... Justin! (*Sae pola esquerda*)

ESCENA XVIII

LENGLUMÉ, NORINE

LENGLUMÉ (*pálido, desfeito. Ao entrar, vai á mesa e bebe dous vasos de curaçao. Música na orquestra*): Acabouse!... É horrible!... Acabouse!... Eu díxenlle: “Justin, mil francos para ti se calas”... Non houbo resposta!... “Dous mil francos”... e mais era unha oferta xenerosa... pero eu non quería ter nada que me reprochar. Non houbo resposta!... Entón bótome aos seus xeonllos... e el faime “Pstt! Pstt!”... Para amolarme!... Déixome levar! Exaspérome! Sáttolle ao pescozo! El rabúñame!... Eu apreto!... Sinto un estertor... Miau!... Acabárase... É ben sinxelo!... Que pouca cousa é o home!... Pobre Justin! Sempre pensei que ese rapaz había acabar mal... (*Embebedándose progresivamente*) O que son os remordementos!... Todo dá voltas!... Todo baila de arredor miña!... Como na cea dos ex-alumnos!

MISTINGUE (*fóra, canta*)

*O paxaro de Marica
foime ás uvas ao bacelo...*

LENGLUMÉ (*completamente cheo*): Oíches! O biberonciño que canta a picante!

ESCENA XIX

LENGLUMÉ, MISTINGUE

MISTINGUE (*entrando e continuando o canto*)

*...todo paxaro ten plumas
e o de Marica ten pelo*

LENGLUMÉ

*Paxaro que vas voando,
a pluma estache caendo,
quen contigo come e bebe
por tras estate vendendo*

XUNTOS

*Quen contigo come e bebe
por tras estate vendendo*

MISTINGUE: Escacho... escacho coa risa!

LENGLUMÉ: Tamén eu!

MISTINGUE: Sabes o zapato da carboeira?...

LENGLUMÉ: Sei... si...

MISTINGUE: É divertidísimo!... Púxeno no ferro quente... estrabuxa e reviríchase todo... fai: Cri! Cri!

LENGLUMÉ (*moi ledó*): Cri! Cri!... (*A Mistingue*) Sabes?... Potard... a testemuña de cargo...

MISTINGUE: Sei

LENGLUMÉ (*rindo*) : Cric!

MISTINGUE: Moi bo! Moi bo!

LENGLUMÉ: E Justin! (*Mesmo xesto*) Crac!

MISTINGUE: Moi bo! Moi bo!

LENGLUMÉ: Así xa non hai testemuñas!... Mais ninguén!

MISTINGUE: Ningunha!... Ah, si! Hai alguén!

LENGLUMÉ (*furioso*): Onde?

MISTINGUE: Ti!

LENGLUMÉ: E mais ti!

MISTINGUE (*á parte*): Se cadra non é moi delicado o que vou dicir pero... (*Rindo*) E se suprimira a Lenglumé?

LENGLUMÉ (*á parte*). Á mercé dun borracho!... E se suprimira a Mistingue?... Xa está!...

MISTINGUE: Moi ben!

LENGLUMÉ (*tendéndolle a man*): O bo de Mistingue!...

MISTINGUE (*mesmo xesto*): O bo de Lenglumé!

LENGLUMÉ (*á parte*): Un ex-alumno!... Dame mágoa!

MISTINGUE (*á parte*): Dame mágoa!...Un ex-alumno!

OS DOUS (*inspirados por unha idea*): Ah!...

LENGLUMÉ (*collendo de enriba da mesa un cullerón da sopa*): Isto pode valer!...

MISTINGUE (*indo coller un toro de leña a carón da cheminea*): Ao que dea topado o momentíño... Vinte fungueirazos!

LENGLUMÉ (*colle o diario e amósalle unha cadeira a Mistingue*): Podemos sentar, meu amigo...

MISTINGUE (*traendo unha cadeira*): Si, ho!... (*Á parte*) Cumprámoslle a súa derradeira vontade! (*Séntanse*)

LENGLUMÉ: Leme o diario.

MISTINGUE (*á parte*): Se cadra adormece, oíches!

LENGLUMÉ: Poderás ver a historia da malfadada carboeira...

MISTINGUE: Ben malfadada, de certo!

LENGLUMÉ: Atopas?

MISTINGUE: Atopei!... (*Lendo*) “Martes próximo, todo París estará na praza da Concordia para asistir á inauguración do Obelisco de Luxor...”

LENGLUMÉ (*de pé, atrás del, e sostendo coas dúas mans o cullerón, preparado para zoupar nel*): O Obelisco! ... Que raio conta?...

MISTINGUE: Está escrito!

LENGLUMÉ (*collendo o diario e lendo*): “O monolito será descuberto mañán, 24 de xullo de 1837” (*Con ledicia*) 1837!...

MISTINGUE (*co toro de leña no aire*): O que?... 1837!

LENGLUMÉ: É un periódico vello!...

MISTINGUE: De hai vinte anos!... Daquela a carboeira...

LENGLUMÉ: Somos inocentes!... Ah, meu amigo!... (*Caen nos brazos un do outro abrazándose efusivamente*) E eu que che ía zorregar!

MISTINGUE: Tamén eu, oíches!

LENGLUMÉ (*ceibándose*): Ah, xa vou mellor. Vaime pasando a bebedeira!... (*Lembrándose de súpeto*) Ah, carainas! E os outros dous?... Porque: sabes?... Matei dous homes!

MISTINGUE (*rapidamente*): Ai, eu con eses non teño que ver!

ESCENA XX

OS MESMOS, JUSTIN *e logo* POTARD

JUSTIN (*entrando pola dereita, no segundo plano*) : Señor, pregunta a señora se...

LENGLUMÉ: O que?... Non morreches!

JUSTIN: Era boa!

LENGLUMÉ: Es un bo rapaz!.... Toma, cinco francos para ti!

JUSTIN: Porque non morrín?

LENGLUMÉ: Queda un!

POTARD (*saíndo, coa carta na man*) : Meu primo, agradézochos!

LENGLUMÉ: O outro... Non morreches?

POTARD: Como?

LENGLUMÉ: Bo mociño!... Toma, cinco francos para ti!

POTARD: Cinco francos!

LENGLUMÉ: Non queda ningún!

MISTINGUE (*á parte*): Caraina, dóeme a cabeza!... (*Sobe e desaparece detrás das cortinas do leito*)

LENGLUMÉ: Entón quen estaba aí?... Nese gabinete?

ESCENA XXI

OS MESMOS, NORINE

NORINE (*entrando*): É horrible!... Espantoso!

TODOS: Que foi?

NORINE: Mimí, a miña gatiña! Acabo de atopala sen coñecemento!

LENGLUMÉ: A gata!... Un gaticidio!

NORINE: Ah, señor, non llo hei perdoar nunca!... Sobre todo despois do que acabo de saber!

LENGLUMÉ: E que é?

NORINE: Onde pasou a noite, o señor?

LENGLUMÉ: Pois non che me importaría nada sabelo... Nin a Mistingue tampouco (*Buscándoo coa ollada*) Oíches! Onde vai?

NORINE: Daquela voulo dicir eu: Emborcouse na orxía entre licoristas de baixa estofa!

LENGLUMÉ: Eu?

NORINE (*tendéndolle un papel*): En Casa Moreau!

LENGLUMÉ: Oh!

NORINE: Atrévase a negalo! Velaí ten a factura do seu libertinaxe! (*Lendo*) “Tres frascos de cereixas en augardente... dous idem de ameixas”

LENGLUMÉ (*lembrándose*): Ah, as carabuñas! As carabuñas!...

NORINE) (*lendo*): “Máis: un pucho de muller, un zapato do mesmo sexo e un mechón postizo pertencente á señorita do mostrador”

LENGLUMÉ: Ah, xa entendo!... Xa entendo!

NORINE: Total: sesenta e catro francos.

LENGLUMÉ: Cada un a trinta e dous... Mistingue!... Onde demo se meteu?

NORINE: E tan embrutecido estaba polo alcohol que foi preciso encerralo no cuarto do carbón!

LENGLUMÉ: Agarda! (*Cachea no peto*) Aínda me queda un anaco... vouche explicar...

NORINE: Estannos agardando para o bautizo, señor, pero xa falaremos á tardiña.

LENGLUMÉ (*á parte*) : Vai haber treboada, esta noite!... Terei que pedir perdón!
(*Séntese roncar na alcoba*)

TODOS: Que foi?

LENGLUMÉ: Carape! Seica trouxen outro ex-alumno? (*Justin abre as cortinas da alcoba. Dexérgase a Mistingue deitado no leito, totalmente vestido*)

TODOS: Aínda el!

LENGLUMÉ: Entón! Seica non vai saír da miña cama? Dame o meu bastón! (*Mudando de idea*) Ou mellor non!... Non o despertemos!... Justin!

JUSTIN: Señor?

LENGLUMÉ (*amosando a Mistingue*): Ves este paquete?... Pois, ao que marchemos... vaslle pegar por detrás unha etiqueta con esta inscrición: “Cociñeiro para Brunswick. Fráxil”. Despois, valo levar á estación de Estrasburgo... sección de mercadorías... Trátao con moito coidado... É un ex-alumno!

CORO

Riamos, liberados
daquel gran pavor!
Agora xa acougados
sen ningún temor!

LENGLUMÉ (*ao público*)

A falcatrúa nosa puido asombrar
e mais non somos os dous tan mala xente.
Non vaian, prestos, correndo a condenar,
fagan connosco unha xustiza indulxente.
O que quixemos foi só facelos rir
no maior grao, en proporción bastante,
por iso agora ousámoslles pedir
que nos apliquen esta atenuante.

CORO (*repite*)

Riamos, liberados etc.